



Xacobeo 2021

# CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

---

**Datos provinciais**

**Marzo de 2021**

**PROVINCIA DE A CORUÑA**
**MARZO 2021**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	29.439	-4,8%	52.530	-13,7%	1,78	-9,4%	15,44%	-2,41
PENSIÓNS	3.947	-2,3%	26.101	109,5%	6,61	114,4%	14,97%	8,24
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>33.385</b>	<b>-4,5%</b>	<b>78.632</b>	<b>7,2%</b>	<b>2,36</b>	<b>12,2%</b>	<b>15,28%</b>	<b>1,34</b>
APTOS. TURÍSTICOS	2.313	74,6%	5.120	47,1%	2,21	-15,7%	18,66%	2,93
TURISMO RURAL	753	176,8%	1.253	313,5%	1,66	49,4%	3,81%	2,09
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>3.066</b>	<b>92,0%</b>	<b>6.373</b>	<b>68,4%</b>	<b>2,08</b>	<b>-12,3%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>36.451</b>	<b>-0,3%</b>	<b>85.005</b>	<b>10,2%</b>	<b>2,33</b>	<b>10,5%</b>	-	-

- Comportamento positivo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña neste terceiro mes do ano. En concreto, increméntase o volume de noites nun 10,2% como consecuencia da mellora da estadía media –do 10,5%- nun contexto no que se mantén estable a cifra de viaxeiros aloxados. Rómpeuse desta maneira a serie de caídas consecutivas dos últimos doce meses e A Coruña marca o mellor comportamento das catro provincias galegas neste mes de marzo. É tamén o destino de maior peso na comunidade -absorbe o 44% do total das noites- e o que presenta a estadía máis alta -2,3 noites..
- Sobe o nivel de demanda en tres das catro tipoloxías consideradas –nun 47% nos apartamentos turísticos, en algo máis do dobre nas pensións e en catro veces o volume do pasado ano en turismo rural-. Esta última modalidade marca, por tanto, o mellor comportamento en termos relativos se ben fai referencia a unha cifra baixa, de algo máis de mil noites. A demanda cae unicamente nos hoteis, a tipoloxía de maior peso -nun 13,7% neste caso-.
- O 93% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 62% nos hoteis e un 31% nas pensións-. O 7% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural. Esta distribución mantense estable nos últimos 4-5 meses.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes sobe o turismo interno na provincia de A Coruña –nun 76%- e descende, en cambio, o turismo receptor –nun 23% o de ámbito nacional e nun 42% o internacional-.
- Por quinto mes consecutivo o segmento de maior peso na provincia é o mercado interno. Representa en marzo o 57% do total das noites hoteleiras. O turismo receptor nacional absorbe o 31% mentres que o 11% restante corresponde ao internacional.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella á demanda. Descende nos hoteis –en máis de dous puntos- e mellora nas tres restantes tipoloxías –en máis de oito puntos nas pensións, en tres puntos nos apartamentos turísticos e en dous puntos no segmento de turismo rural-.

**PROVINCIA DE LUGO**
**MARZO 2021**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	9.429	-17,4%	14.918	-17,9%	1,58	-0,7%	13,54%	-1,62
PENSIÓNS	2.811	16,8%	6.020	-1,5%	2,14	-15,7%	7,44%	1,08
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>12.240</b>	<b>-11,4%</b>	<b>20.938</b>	<b>-13,8%</b>	<b>1,71</b>	<b>-2,7%</b>	<b>10,95%</b>	<b>-0,30</b>
APTOS. TURÍSTICOS	2.030	439,9%	5.815	12,8%	2,86	-79,1%	14,50%	-13,79
TURISMO RURAL	633	110,3%	1.186	122,9%	1,87	6,0%	3,73%	0,54
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>2.663</b>	<b>293,4%</b>	<b>7.001</b>	<b>23,1%</b>	<b>2,63</b>	<b>-68,7%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>14.903</b>	<b>2,8%</b>	<b>27.939</b>	<b>-6,8%</b>	<b>1,87</b>	<b>-9,4%</b>	-	-

- En marzo rexístrase un descenso do nivel de demanda turística regrada na provincia de Lugo –o volume de noites cae nun 6,8% como consecuencia dun descenso da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 2,8%-. Acontece en Lugo o contrario do observado no caso de A Coruña se ben as variacións non son moi elevadas.
- Este descenso vén provocado polas caídas rexistradas no ámbito hoteleiro, principalmente nos hoteis –que rexistran unha caída do 17,9% interanual como consecuencia do descenso da cifra de viaxeiros aloxados-. Nas pensións a caída é inferior, do 1,5%, e vén motivada por un empeoramento da estadía media. Sobe en cambio o nivel de demanda nos apartamentos turísticos –nun 13%- e no segmento de turismo rural –en máis do dobre-.
- O 75% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 53% nos hoteis e un 22% nas pensións-. O 25% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos –co 21%- quedando cun menor peso os establecementos de turismo rural –representan o 4% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. O turismo interno, dos residentes en Galicia, sobe neste mes –nun 10%- mentres que descende o mercado receptor –nun 37% o de ámbito nacional e nun 30% o internacional-. Co 61% do total da demanda é xustamente o mercado interno o de maior peso na provincia.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento tamén dispar neste mes. Descende nos hoteis –preto de dous puntos- e nos apartamentos turísticos –de forma notable, en case 14 puntos- e mellora, en cambio, nas pensións –nun punto- e nos establecementos de turismo rural –medio punto neste caso-.
- A estadía media descende neste mes –nun 9,4% en particular- para situarse en preto de 1,9 noites.

**PROVINCIA DE OURENSE**
**MARZO 2021**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	10.728	-5,0%	17.274	-20,7%	1,61	-16,5%	16,68%	-5,48
PENSIÓNS	1.992	-51,2%	4.070	-58,4%	2,04	-14,8%	8,35%	-9,52
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>12.720</b>	<b>-17,3%</b>	<b>21.344</b>	<b>-32,4%</b>	<b>1,68</b>	<b>-18,3%</b>	<b>14,01%</b>	<b>-6,62</b>
APTOS. TURÍSTICOS	127	-	272	-	2,14	-	5,97%	5,97
TURISMO RURAL	918	126,7%	1.482	152,5%	1,61	11,4%	7,69%	2,67
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>1.045</b>	<b>158,0%</b>	<b>1.754</b>	<b>198,8%</b>	<b>1,68</b>	<b>15,8%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>13.765</b>	<b>-12,8%</b>	<b>23.098</b>	<b>-28,2%</b>	<b>1,68</b>	<b>-17,7%</b>	-	-


- Ourense é a provincia que presenta neste mes o peor comportamento da demanda turística no conxunto da comunidade. En particular, descende o volume de noites nun 28% como consecuencia da combinación de dous factores: caída da cifra de viaxeiros aloxados –do 13%- nun contexto de descenso da estadía media –do 18% neste caso-.
- A caída da demanda afecta ao segmento hoteleiro con descensos do 21% nos hoteis e do 58% nas pensións, porcentaxes referidas ás pernoctacións. En turismo rural supéranse en máis do dobre as cifras do pasado ano, mentres que nos apartamentos turísticos o dato non existe pois o INE carece de mostra suficiente para marzo de 2020 nesta tipoloxía.
- O 92% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 75% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 8% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun maior peso para os aloxamentos de turismo rural –co 7%- e menos para os apartamentos turísticos –co 1% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento igualmente negativo dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes descende o turismo de ámbito nacional -nun 9% o interno e nun 41% o que procede do resto do Estado- e o internacional nun 84% -porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno –absorbe dúas de cada tres noites hoteleiras da provincia-. O turismo receptor nacional representa o 30% mentres que o 4% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Empeora no segmento hoteleiro -con maior intensidade nas pensións, con case dez puntos, fronte aos hoteis, con algo máis de cinco puntos- e mellora en cambio nos apartamentos turísticos e en turismo rural.
- A estadía media descende neste mes –nun 18% en particular- situándose en 1,7 noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

**PROVINCIA DE PONTEVEDRA**
**MARZO 2021**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	25.079	7,4%	46.049	2,1%	1,84	-5,0%	15,91%	0,34
PENSIÓNS	2.371	17,0%	7.335	5,0%	3,09	-10,2%	11,80%	1,62
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>27.450</b>	<b>8,2%</b>	<b>53.384</b>	<b>2,5%</b>	<b>1,94</b>	<b>-5,3%</b>	<b>15,18%</b>	<b>0,64</b>
APTOS. TURÍSTICOS	895	366,1%	2.900	361,8%	3,24	-0,9%	7,98%	4,85
TURISMO RURAL	901	124,7%	1.223	82,8%	1,36	-18,6%	3,52%	-0,04
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>1.796</b>	<b>202,9%</b>	<b>4.123</b>	<b>217,9%</b>	<b>2,30</b>	<b>5,0%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>29.246</b>	<b>12,6%</b>	<b>57.507</b>	<b>7,7%</b>	<b>1,97</b>	<b>-4,4%</b>	-	-

- Pontevedra rexistra neste mes un comportamento positivo da demanda turística regrada por canto supera nun 12,6% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 7,7% o volume de noites de marzo do pasado ano.
- O incremento da demanda atinxe a todas as tipoloxías consideradas, con intensidade variable. As subas máis notables localízanse no segmento extrahoteleiro –os apartamentos turísticos multiplican por catro a cifra de marzo de 2020 mentres que en turismo rural o crecemento achégase a case o dobre do pasado ano- mentres que no ámbito hoteleiro os incrementos son máis moderados –do 2% nos hoteis e do 5% nas pensións-.
- Pontevedra rexistra o mellor comportamento de Galicia non tanto pola súa intensidade –en A Coruña o incremento do número de noites é superior- como pola súa dimensión pois afecta a todas as variables e tamén a todas as tipoloxías. A mellora é, por tanto, máis global.
- O 93% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 80%- e ás pensións –co 13%- . O 7% restante concéntrase nos apartamentos turísticos –co 5%- e nos establecementos de turismo rural –co 2% neste caso-.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento dispar da demanda. Neste mes sobe e mellora o turismo interno –nun 46%- e descende, en cambio, o receptor tanto nacional –cae un 13%- coma o internacional –descende nun 59% neste caso- .
- Os niveis de ocupación melloran en dúas modalidades –en cinco puntos nos apartamentos turísticos e en case dous puntos nas pensións- e mantéñense estables nos hoteis e no segmento de turismo rural. O comportamento global é, por tanto, positivo.
- Descende neste mes a estadía media –nun 4,4% en particular- situándose en case dúas noites –a segunda cifra máis alta das provincias galegas-.

Reparto da demanda turística regrada. Noites marzo 2021



Variación da demanda turística regrada. Noites marzo 21/20

